

Señora presidenta, señorías, eu quixera empezar, en nome da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular, en nome das traballadoras e traballadores de Preescolar na Casa e de todas as familias que ao longo das últimas décadas foron usuarias do servizo que prestaba, por felicitar e dar as grazas aos verdadeiros protagonistas desta iniciativa, os milleiros de galegos e de galegas que coa súa sinatura apostaron pola continuidade de Preescolar na Casa e que son unha boa mostra da sensibilidade que sobre este programa existe no noso país.

En primeiro lugar, para clarificar ben cal é o noso traballo, farei un breve recorrido pola historia de Preescolar na Casa.

Preescolar na casa naceu fai 35 anos, no 1977, impulsado por don Antonio Gandoy, como unha acción educativa que partía da experiencia da vida cotiá, no propio contorno físico e social e que tiña como o obxectivo responder as necesidades educativas da familia e da sociedade.

Naquel momento, eran moitos os nenos e nenas menores de seis anos, que vivían nas aldeas e non tiñan acceso a unha praza escolar. Isto supuña que os nenos do rural empezaban cunha gran desvantaxe con respecto aos nenos que procedían das vilas e cidades. Viuse entón, a necesidade de formar aos pais e nais para que puideran educar mellor aos seus fillos nestes primeiros anos de vida.

Preescolar na casa foi algo diferente, algo totalmente innovador, unha experiencia pedagóxica revolucionaria, pois ata ese momento, a ninguén se lle ocorrera poñer en marcha un programa educativo onde os protagonistas principais foran as nais, pais, nenas e nenos conxuntamente, é dicir, a familia.

Un programa que dende os seus comezos tivo claro que o respecto pola nosa cultura e a pola nosa lingua tiña que ser un dos seus trazos definitorios.

Nas reunións de Preescolar na Casa respectase a lingua propia de cada familia e a do seu contorno, cadaquén expresase na lingua que quere, se ben o idioma galego é a lingua vehicular de todas as súas accións e dos seus profesionais, contribuindo así a súa revalorización e normalización.

As primeiras reunións de Preescolar na casa desenvolvéronse na provincia de Lugo, inda que, dado o éxito das mesmas, rapidamente se estenderon, como un regueiro de pólvora, por todo o país.

Por moi ben definido que estea nos seus inicios, todo programa ten que adaptarse ás propias necesidades do transcorrer do tempo. As necesidades de hoxe non son as que había fai 35 anos e, as respostas, tampouco poden ser as mesmas. Por iso, Preescolar na Casa foise redefinindo ao

longo da súa historia e adaptándose as novas esixencias e demandas da familia e da sociedade.

Deste xeito, nos anos 90 Preescolar na Casa comeza unha nova etapa e, dentro deste espírito innovador, pon en marcha o programa de 0-3, pasando de ser un programa complementario e compensatorio da etapa de 3-6 anos, a traballar con familias con nenas e nenos menores de 3 anos, adiantándose a concepción educativa desta etapa.

Seguindo con este proceso de adaptación á sociedade, no ano 2002 o programa pasou a realizarse tamén nas vilas e cidades. Esta extensión dos servizos que prestaba Preescolar na Casa debeuse á propia demanda das familias, demostrando que os servizos educativos existentes (escolas infantís, puntos de atención á infancia, etc.) Non cubrían as necesidades reais que tiñan .

Ata ese momento a acción de Preescolar na Casa desenvolvérase basicamente no medio rural, de feito, un dos seus principios definitorios era a “A acción que se leva a cabo no medio rural de Galicia”.

Na actualidade, o medio rural galego segue discriminado desde o punto de vista educativo.

A pesares das evidentes melloras que se produciron, seguen a ser moitas as familias que teñen que desprazarse para acceder a calquera servizo.

Se ben é certo que as infraestruturas tanto no ámbito rural como no ámbito urbano melloraron, tamén é certo que as diferenzas, entre un e outro mantéñense.

Estes días acaba de saír publicado un informe demoledor: de non poñerlle remedio, o medio rural galego vaise converter nun deserto demográfico e económico dentro de moi poucos anos.

Preescolar na Casa contribuía a articular o medio rural, axudando a fixar poboación e facendo que as discriminacións dos habitantes do rural con respecto aos da vilas foran diminuindo.

É aquí, onde se percibe máis claramente o traballo de preescolar na casa, acercándose ás persoas no seu ambiente, no seu contorno máis inmediato, ofrecendo un servizo único.

Este acercamento á familia, é valorado polo resto dos profesionais como unha marca distintiva de Preescolar na Casa, como tamén o é o uso do galego como sinal de valoración e reivindicación da nosa cultura ou, tamén, a independencia de calquera poder político.

Por que defendemos a continuidade de Preescolar na Casa?

O programa de Preescolar na Casa está a ser defendido nos últimos meses dende todo tipo de ámbitos, tanto educativos como da sociedade en xeral. Non só o defendemos as traballadoras e traballadores do programa, que lexitimamente loitamos por conservar o noso emprego, senón que existen múltiples argumentos para defender esta proposta de atención á infancia e á familia.

Deféndeo a lexislación:

O comité de ministros da Unión Europea emite a **Recomendación Rec (2006)19 sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade.**

Esta recomendación insta a que os gobernos dos estados membros recoñezan o carácter fundamental das familias e o papel das nais e pais, creando as condicións necesarias para promover un exercicio positivo da parentalidade tomando todas as medidas lexislativas, administrativas, financeiras e de outro carácter que fosen necesarias.

A propia **Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.** (dog, 13 xullo de 2011) **recolle en distintos artigos:**

... Atenderanse, apoiaranse e protexeranse as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas función; 2.º) As políticas da Xunta de Galicia sobre protección

á maternidade desenvolveranse... C) fomentando a educación na maternidade e na paternidade responsables.

Aspectos todos eles presentes nas distintas actuacións de Preescolar na Casa

Na propia liña de colaboración da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia) e Gobernos locais insta as comunidades a crear redes de apoio ás familias e deseñar plans municipais de apoio a parentalidade.

No documento “La educación parental como recurso psicoeducativo para promover la parentalidad positiva” (2010) a propia Federación Española de Municipios e Provincias, nomea a Preescolar na Casa como un “dos programas de apoio a parentalidade...que se están a desenvolver en España dende fai anos (pax.22).

Deféndeno os avances científicos

As investigacións sobre o desenvolvemento amosan que os primeiros anos da vida revisten unha importancia extraordinaria en relación co desenvolvemento de nenos e nenas desde o punto de vista intelectual, emocional, social, físico e moral.

Preescolar na Casa, dende sempre, defendeu e reivindicou a importancia dos primeiros anos no desenvolvemento da persoa, sendo pioneiro en ofertar servizos educativos pensados para as familias que esperaban un fillo ou filla.

Outras investigacións amosan a *calidade da atención educativa no fogar* como un determinante da calidade do desenvolvemento de nenos e nenas.

Deféndeo e xustifícao a inversión en primeira infancia

As investigacións amosan que o investimento nos programas para o desenvolvemento da primeira infancia redundan directamente en vantaxes para os nenos e as súas familias.

Investir en servizos para a primeira infancia implica menos gasto futuro en servizos para atallar situacións conflitivas.

A redución por mor da crise, neste tipo de servizos, é unha mala política, pois ademais de ser inxusto, os custes económicos e sociais a longo prazo son maiores.

Por outra banda, o argumento de que se están ampliando prazas de escolas infantís de 0-3 anos e polo tanto que Preescolar na Casa xa non é necesario, fainos pensar que algo esta fallando cando se pensa que a escolarización temperá é a única resposta ás necesidades educativas.

En Galicia imos camiño de acadar o 30% de nenos e nenas de 0-3 anos escolarizados pero, que pasa co 70% que non pode acceder ou non ten como opción a escola infantil?. PnC é a resposta, porque ofrece un ambiente diferente á calquera outro servizo da atención á infancia, reforzando o valor da familia e o seu papel na educación dos seus fillos.

Deféndeno razóns puramente económicas

Por simple economía deberíase aproveitar as aprendizaxes adquiridas ao longo dos 35 anos de traballo a carón da familia e da sociedade galega e o investimento que as diferentes administracións levan feito en Preescolar na Casa ao longo dos tempos.

Non continuar coa labor de Preescolar na casa implica, tamén, que todo o esforzo e os cartos investidos na formación do seu equipo de profesionais (mestres, psicólogos, pedagogos, etc.) quede desaproveitado, prescindindo de todo este capital humano e intelectual que tan necesario é para o desenvolvemento de calquera sociedade.

O servizo prestado por Preescolar na Casa resulta extremadamente barato para calquera administración, incluso en tempos de crise coma os actuais. Por unha cantidade de cartos “ridícula” dentro dos orzamentos da Consellería de Traballo, formábase e dábaselle emprego a máis de 30 profesionais altamente cualificados e atendíase a máis de 5.000 familias cada ano. Cremos que non hai ningún servizo, da calidade de Preescolar na Casa, que preste a xunta que saia tan barato.

Deféndeno razóns políticas

O Partido Popular, partido que tiña, e segue a ter nesta lexislatura, maioría absoluta nesta cámara e, que sen o seu apoio, é imposible a aprobación desta Iniciativa Lexislativa Popular, levaba no seu programa electoral dun xeito explícito a defensa e potenciación de Preescolar na Casa.

Incluso en anteriores lexislaturas chegou a votar a favor de apoialo, criticando que na etapa do “bipartito” non se apoiara o suficiente, a un programa, e cito textualmente, “que viña prestando un apoio educativo esencial as familias e os nenos do interior de Galicia.

Debido a isto, ás persoas que estamos a loitar pola continuidade de Preescolar na Casa produciunos unha grande estrañeza cando o goberno da Xunta tomou a **decisión política** de eliminar este servizo pola vía de eliminar as subvencións que o mantiñan vivo.

Para nós foi claramente unha decisión política e, polo tanto, tamén ten que ser outra decisión política. a que corrixa este erro. Iso é, nin máis nin menos, o que estamos a pedir a esta cámara coa presente Iniciativa Lexislativa Popular.

Por que afirmamos que hoxe, máis ca nunca, Preescolar na Casa segue a ser necesario?,

Porque os programas para o desenvolvemento da primeira infancia non se deben ocupar unicamente dos nenos e nenas,

senón tamén de influenciar nos contextos nos que estes medran, aproveitando os puntos fortes que xa existen dentro de cada familia, dentro da comunidade e da sociedade máis inmediata.

Os programas de coidado parental reforzan a capacidade das familias de fomentar o desenvolvemento xeral dos seus fillos desde unha idade temperá, ao tempo que estimulan aos pais a tomar conciencia dos dereitos dos mesmos.

Preescolar na Casa é unha aposta decidida e real pola importancia dunha atención educativa dirixida á capacitación da familia. Ofrece un ambiente diferente e complementario á escola infantil de 0-3 anos ou a calquera outro servizo de atención á infancia que exista en cada localidade, reforzando o papel dos pais e facéndoos máis consciente da súa contribución na educación dos seus fillos desde os primeiros anos de vida.

Coa desaparición de Preescolar na Casa pérdese un programa:

Cen por cen galego, do país, deseñado expresamente por e para Galicia.

Señorías

Despois de 35 anos acompañando educativamente as familias de Galicia, despois de ter contribuído a configurar a historia recente do noso país en materia de educación a través dunha

modelo de intervención pioneiro, orixinal, preventivo, vertebrador do territorio e referente na implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas, compre dotar ao programa Preescolar na Casa da estabilidade necesaria mediante a súa confluencia co ensino público galego.

O propósito da presente lei é habilitar a xunta de Galicia para subscribir un convenio particular coa fundación Preescolar na Casa, como paso previo a plena integración do programa no ensino público galego e deste xeito, poder seguir ofrecendo á sociedade galega este servizo ao igual que nos últimos 35 anos.

Señorías, en nome das e dos profesionais que traballaban en Preescolar na Casa, en nome dos milleiros de familias que foron usuarias do programa e dos outros moitos milleiros que o serían se non se elimina e, en nome de toda a sociedade galega, solicítolles ás catro formacións políticas presentes neste parlamento o voto afirmativo a esta iniciativa lexislativa popular. Se así fora, Galiza seguro que llo agradecerá e as familias, nais, pais nenos e nenas poderán seguir gozando de Preescolar na Casa, un programa educativo único, que serve a todos os galegos e galegas.

Moitas grazas